

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

RESOLUCIÓN do 19 de outubro de 2016 pola que se conceden as axudas da modalidade D: proxectos de excelencia da Orde do 27 de xullo de 2016 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das axudas para a consolidación e estruturación de unidades de investigación competitivas e outras accións de fomento nas universidades do Sistema universitario de Galicia, nos organismos públicos de investigación de Galicia e noutras entidades do Sistema galego de I+D+i e se procede á súa convocatoria para o exercicio 2016.

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e a Consellería de Economía, Emprego e Industria, a través da GAIN, por medio da Orde do 27 de xullo de 2016 (DOG nº 151, do 10 de agosto) estableceron as bases reguladoras e convocaron conxuntamente, en réxime de concorrencia competitiva, as axudas para a consolidación e estruturación de unidades de investigación competitivas e outras accións de fomento nas universidades do Sistema universitario de Galicia (SUG), nos organismos públicos de investigación de Galicia e noutras entidades do Sistema galego de I+D+i, para o exercicio 2016.

Unha vez finalizada a tramitación establecida no artigo 7 da convocatoria para as solicitudes presentadas á modalidade D: proxectos de excelencia, realizouse o proceso de avaliación e selección destas, de acordo co artigo 8 da orde de convocatoria.

A competencia para resolver estas axudas correspóndelles conxuntamente á persoa titular da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e á persoa titular da presidencia da GAIN, de acordo co artigo 9 da convocatoria.

En consecuencia, de acordo co establecido no artigo 9 das bases da convocatoria e atendendo á proposta de concesión elevada polos órganos instrutores a partir do informe da comisión de selección, a través da Secretaría Xeral de Universidades e da GAIN,

RESOLVEMOS:

Primeiro. Conceder as axudas da modalidade D: proxectos de excelencia, das axudas para a consolidación e estruturación de unidades de investigación competitivas e outras accións de fomento nas universidades do Sistema universitario de Galicia (SUG), nos or-



ganismos públicos de investigación de Galicia e noutras entidades do Sistema galego de I+D+i, convocadas no anexo IV da Orde do 27 de xullo de 2016, ás entidades que se indican no anexo desta resolución e destinadas ás persoas investigadoras que se relacionan.

Segundo. As solicitudes non incluídas nesta resolución entenderanse denegadas ou desestimadas.

Terceiro. As axudas imputaranse ao capítulo VII dos orzamentos da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e a Axencia Galega de Innovación, coa seguinte desagregación:

Entidade beneficiaria		Aplicación orzamentaria	Crédito (en euros)					
			Ano 2016	Ano 2017	Ano 2018	Ano 2019	Ano 2020	Total
Universidades do SUG	USC	10.40.561B.744.0	170.000,00	350.000,00	350.000,00	325.000,00	200.000,00	1.395.000,00
	UVIGO		75.000,00	125.000,00	125.000,00	125.000,00	0,00	450.000,00
	Total		245.000,00	475.000,00	475.000,00	450.000,00	200.000,00	1.845.000,00
Outras entidades	CSIC	09.A3.561A.703.0	41.196,00	74.756,00	74.948,00	49.900,00	32.200,00	273.000,00
	Fundación Biomédica Galicia Sur	09.A3.561A.781.0	15.000,00	25.000,00	25.000,00	25.000,00	25.000,00	115.000,00
	Total		56.196,00	99.756,00	99.948,00	74.900,00	57.200,00	388.000,00

As axudas concedidas ás universidades do SUG imputaranse ao plan de financiamento do SUG para o período 2016-2020 e as concedidas a outras entidades aos orzamentos da Axencia Galega de Innovación.

Cuarto. De acordo co artigo 10 da convocatoria, a subvención será librada á entidade beneficiaria á cal pertenza a persoa investigadora, conforme a resolución de concesión e de acordo coa normativa vixente.

Para poder proceder ao libramento dos fondos será preciso que a entidade beneficiaria remita a documentación que se detalla no artigo 10 da convocatoria nas datas indicadas nel.

Quinto. O incumprimento das obrigas contidas nesta orde ou na demais normativa aplicable, así como das condicións que, se é o caso, se establezan na resolución da concesión, dará lugar á obriga de devolver total ou parcialmente as subvencións percibidas, así como os xuros de demora correspondentes.



Sexto. Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, as persoas interesadas poderán interpoñer recurso potestativo de reposición ante a persoa titular da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria ou a persoa titular da presidencia da GAIN no prazo dun mes a partir do día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, segundo o disposto nos artigos 116 e 117 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, ou ben directamente recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 19 de outubro de 2016

Román Rodríguez González
Conselleiro de Cultura, Educación
e Ordenación Universitaria

Francisco Conde López
Presidente da Axencia Galega
de Innovación





ANEXO

1. Liña de reforzo da traxectoria investigadora consolidada

Universidades do SUG

Nº expediente	Entidade	Apelidos	Nome	2016	2017	2018	2019	2020	Total	Ano de inicio	Ano de fin
ED431F 2016/018	USC	Nogueiras Pozo	Rubén		50.000,00	50.000,00	50.000,00	50.000,00	200.000,00	2017	2020
ED431F 2016/011	USC	López Pérez	Miguel Antonio		50.000,00	50.000,00	50.000,00	50.000,00	200.000,00	2017	2020
ED431F 2016/008	USC	Rivadulla Fernández	José Francisco	50.000,00	50.000,00	50.000,00	50.000,00	0,00	200.000,00	2016	2020

2. Liña de reforzo de traxectorias emerxentes

Universidades do SUG

Nº expediente	Entidade	Apelidos	Nome	2016	2017	2018	2019	2020	Total	Ano de inicio	Ano de fin
ED431F 2016/010	USC	García González	Carlos Alberto	15.000,00	25.000,00	25.000,00	25.000,00	25.000,00	115.000,00	2016	2020
ED431F 2016/017	USC	Sánchez Pardo	José Carlos	15.000,00	25.000,00	25.000,00	25.000,00	25.000,00	115.000,00	2016	2020
ED431F 2016/002	USC	Caamaño Fresco	Manuel	15.000,00	25.000,00	25.000,00	0,00	0,00	65.000,00	2016	2018
ED431F 2016/001	USC	González García	Sara	15.000,00	25.000,00	25.000,00	25.000,00	25.000,00	115.000,00	2016	2020
ED431F 2016/005	UVIGO	Alonso Gómez	José Lorenzo	15.000,00	25.000,00	25.000,00	25.000,00	0,00	90.000,00	2016	2019
ED431F 2016/006	USC	Fañanas Mastral	Martín	15.000,00	25.000,00	25.000,00	25.000,00	0,00	90.000,00	2016	2019
ED431F 2016/004	UVIGO	Cabrera Crespo	Alejandro Jacobo	15.000,00	25.000,00	25.000,00	25.000,00	0,00	90.000,00	2016	2019
ED431F 2016/014	UVIGO	Santiago Carabelos	Rogelio	15.000,00	25.000,00	25.000,00	25.000,00	0,00	90.000,00	2016	2019
ED431F 2016/007	UVIGO	Deive Herva	Francisco Javier	15.000,00	25.000,00	25.000,00	25.000,00	0,00	90.000,00	2016	2019
ED431F 2016/013	USC	Tovar Carro	Sulay	15.000,00	25.000,00	25.000,00	25.000,00	0,00	90.000,00	2016	2019
ED431F 2016/015	UVIGO	Añel Cabanelas	Juan Antonio	15.000,00	25.000,00	25.000,00	25.000,00	0,00	90.000,00	2016	2019
ED431F 2016/016	USC	Fidalgo Pérez	Miguel Ángel	15.000,00	25.000,00	25.000,00	25.000,00	25.000,00	115.000,00	2016	2020
ED431F 2016/019	USC	González Blanco	Miguel	15.000,00	25.000,00	25.000,00	25.000,00	0,00	90.000,00	2016	2019





Outras entidades

Nº expediente	Entidade	Apelidos	Nome	2016	2017	2018	2019	2020	Total	Ano de inicio	Ano de fin
IN607D 2016/004	CSIC – INCIPIT	Armada Pita	Xosé Luis	11.196,00	24.756,00	24.948,00	24.900,00	22.200,00	108.000,00	2016	2020
IN607D 2016/002	CSIC - MBG	Ordás López	Bernardo	15.000,00	25.000,00	25.000,00	0,00	0,00	65.000,00	2016	2018
IN607D 2016/001	CSIC - MBG	Moreira Tomé	Xoaquín	15.000,00	25.000,00	25.000,00	25.000,00	10.000,00	100.000,00	2016	2020
IN607D 2016/003	Fundación Biomédica Galicia Sur	Agís Balboa	Roberto Carlos	15.000,00	25.000,00	25.000,00	25.000,00	25.000,00	115.000,00	2016	2020